

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de xuño de 2009

ASISTENTES:
Membros :

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaoto minutos do día quince de xuño de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(814).- ACTA ANTERIOR. Apróbese a acta da sesión extraordinaria e urxente do 27 de maio de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(815).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 11/1771, 12/2106, 13/406.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

- D. Francisco Cardalda Rojo. Expte. 12/2106.
- D. Emérita Campos Caride. Expte. 13/406.
- D. Eugenio Malde Arbones. Expte. 11/1771.

3(816).- SOLICITUDE DO “PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A.” DE MODIFICACIÓN ESTATUTARIA SOBRE DESENVOLSO DOS DIVIDENDOS PASIVOS. EXPTE. 605/410.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 8.06.09, que di o seguinte:

O 26 de maio de 2009 o Director General da sociedade concesionaria do contrato de concesión da obra pública para a construción do Auditorio da cidade “Pazo de Congresos de Vigo,S.A” presenta escrito no que solicita a autorización do Órgano de contratación do Concello para modificar os estatutos da sociedade no senso de axustar o desenvolso dos llamados “dividendos pasivos” o ritmo da execución da obra e das inversións económicas necesarias para o seu financiamento.

Ao escrito adxunta certificación do Secretario do Consejo de Administración da sociedade da adopción do acordo da Junta General de 17 de abril de 2009 sobre o réxime dos dividendos pasivos e da modificación dos estatutos. O Acordo quedou suxeito á condición suspensiva da autorización municipal.

A xustificación baséase no periodo de tempo no que a inversión estivo paralizada polos problemas habidos na aprobación do Proxecto de Execución do complexo arquitectónico, case que dous anos, que orixinou o correspondente retraso na inversión prevista nos estatutos, nos que prevíase en relación co ritmo previsto no plan económico financeiro que posteriormente foi alterado.

E obrigado sinalar que no PCAP regulase o referente aos desenvolso dos “dividendos pasivos” - concepto xurídico que establece a forma de ingreso na caixa social do capital subscrito polos accionistas e non desenvolso no momento da constitución da sociedade – na Cláusula 21 e establecía tan so unha garantía para que a maioría da inversión na execución das obras financiárase con recursos propios, consistente no seu desembolso nun 25 % no momento de su constitución, o 50 % na metade do investimento, o 75 % na execución das dous terceiras partes do investimento e o 100 % o iniciarse a fase da explotación da obra pública.

A modificación afecta ao contido do apartado C do Art 5 dos estatutos no que se establecía “un prazo máximo de tres anos conforme as disposicións do consello de administración” e modifícase no senso de axustarlo “literalmente” ao contido da Cláusula prevista no PCAP, sendo necesario a

aprobación polo Órgano de contratación do Concello, única e exclusivamente, por estar así previsto no contido da Cláusula 20.2 a) do PCAP.

En consecuencia o non existir impedimento legal algún para autorizar o interesado, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de Órgano de Contratación do Concello a adopción do seguinte ACORDO

Autorizar a sociedade “Pazo de Congresos de Vigo, S.A” a modificación do apartado C do At 5 dos seus Estatutos sociais co texto “literal” contido na certificación do Secretario do Consello de Administración da sociedade de 14 de maio de 2009 da Acta da Xunta Extraordinaria e Universal de 17 de abril de 2009.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(817).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A ALECRÍN CONSTITUÍDA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA CASA DE ACOLLIDA PARA MULLERES MALTRATADAS. EXPTE. 2719/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina de Igualdade, do 2.06.09, o informe de Intervención Xeral, do 3.06.09, e o informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 4.06.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Alecrin a fianza de 11.709,12 € constituída para responder da prestación do Servizo da Casa de Acollida para mulleres maltratadas, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

5(818).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO-GRUPO ALETHEIA, XIX XORNADAS DE FILOSOFÍA “DARWIN E A TEORÍA DA EVOLUCIÓN”. EXPTE. 11588/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 20.05.09, o informe de fiscalización, do 1.06.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 8.05.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Grupo Aletheia, CIF G36659258, para a organización dunhas Xornadas de Filosofía programadas pola Concellería de Cultura baixo o título “Darwin e a teoría da evolución”, que se realizarán do 13 ó 16 de outubro de 2009 en Vigo.

2.- Autorizar un gasto a favor da A.C. Grupo Aletheia de 14.000 € (catorce mil euros, con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais”, en concepto de compensación pola organización das Xornadas de Filosofía.

PROXECTO CONVENIO CONCELLO DE VIGO- A.C. GRUPO ALETHEIA PARA REALIZACIÓN
DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA
“Darwin e a teoría da evolución”

En Vigo, a ____ de _____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesus López Carreira, concelleiro-delegado do área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e en representación desta administración municipal, con CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/n.

Doutra parte, D. Avelino Muleiro Garcia, presidente da A.C. Grupo Aletheia, con CIF G36659258, e con enderezo na rúa Álvaro Cunqueiro 36, 3º C, da cidade de Vigo.

MANIFESTAN

1.- A Concellería-delegada da Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo pretende o potenciamento da actividade cultural da cidade, para o que ven desenvolvendo diversos programas que contribúen á análise do fenómeno cultural nas súas máis diversas manifestacións.

2.- Que baixo a denominación “Darwin e a teoría da evolución”, abórdase a vida de Darwin e as súas teorías sobre a evolución e a repercusión que as mesmas tiveron.

Douscentos anos atrás, a maioría de mestres, científicos e filósofos no mundo occidental explicaban a natureza a través dunha crenza nas palabras de Biblia. Pero isto comezou a cambiar durante o século da Ilustración, podendo explicar a orixe e historia da Terra sen usar a Deus. O paso seguinte era explicar a orixe da Vida sen Deus. Varias teorías foron ofrecidas a este fin, pero as ideas dun home prevaleceron. Ese home, Charles Darwin, convenceu a moita xente de que toda vida evolucionara dun simple antepasado común en longos períodos de tempo xeolóxico.

3.- O tratamento das cuestións presentadas deben ser analizadas nunhas xornadas de filosofía abertas ao público en xeral e ademais con recoñecemento académico, xustificado pola orixe universitaria e investigadora dos relatores.

4.- A A.C. Grupo Aletheia é unha organización sen ánimo de lucro que pretende difundir os valores da filosofía, da análise e da reflexión en todos os ámbitos posibles e está disposta a colaborar co Concello de Vigo naquelas actividades relacionadas cos seus obxectivos.

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio subscríbese co obxectivo de realizar as XORNADAS de FILOSOFÍA “Darwin e a Teoría da evolución”, que promoven conxuntamente a Concellaría-delegada de Cultura e Animación Sociocultural e mais a A.C. Grupo Aletheia, coa colaboración doutras entidades, como forma de potenciar as manifestacións culturais da cidade.

SEGUNDA.- Orzamento e financiamento.

O orzamento xeral da programación das Xornadas de Filosofía, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a un gasto total de 16.000 € dos que 14.000 € se financiarán con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais” do orzamento municipal do actual exercicio económico, e os outros 2.000 € fináncianse pola entidade organizativa a través de recursos propios ou que procuren.

O Concello de Vigo ou a A.C. Grupo Aletheia poderán procurar financiamento das Xornadas de Filosofía a través de entidades públicas ou privadas.

TERCEIRA.- Datas e lugares.

As Xornadas "Darwin e a Teoría da evolución" terán lugar do 13 ao 16 de outubro de 2009 no Salón de Actos da Fundación Caixagalicia, rúa Policarpo Sanz nº 21 de Vigo. O programa detallado e o orzamento achéganse a este convenio nun ANEXO.

CUARTA.- Destinatarios e sistema de acceso.

As xornadas están destinadas ao público en xeral e contan cun número limitado de 150 prazas. A inscrición é gratuíta e realizarase a través da A.C. Grupo Aletheia ou, directamente, no local das xornadas no momento do seu inicio (se houbera prazas dispoñibles).

QUINTA.- O A.C. Grupo Aletheia comprométese a:

- *Asumir a organización das Xornadas de Filosofía, en particular os seguintes aspectos:*
 - *Seleccionar aos relatores e organizarlles as viaxes e estadias.*
 - *Atención aos ponentes, moderadores e representantes das entidades organizadoras, dende a súa chegada á cidade até a súa saída, incluíndo os traslados, comidas e ceas.*
 - *Atención ao público: información, inscricións, entrega de documentación e certificados, etc.*
 - *Difusión e comunicación sobre as xornadas: edición, distribución e/ou instalacións, de folletos, carteis, dossiers, diplomas, rotulacións; etc. Información aos medios de comunicación en coordinación coa Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais.*
 - *Asumir os gastos derivados dos parágrafos anteriores.*
 - *Controlar a asistencia dos inscritos, de acordo coas normas da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, co obxecto de xestionar as certificacións académicas.*
 - *Procurar o financiamento complementario do custo das xornadas.*
- *Resolver con carácter xeral calquera detalle organizativo que non estea expresamente asumido polo Concello de Vigo.*
- *Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto detallado no anexo; comunicarlle á Concellaría-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural os cambios que se puidesen producir no momento en que se teña noticia deles co obxecto de recabar a conformidade da Concellaría-delegada coas modificacións.*
- *Presentar no Concello de Vigo unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, dentro dos 10 días seguintes á súa finalización.*

Como mínimo, a memoria incluirá:

- ◆ *Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes).*
- ◆ *Memoria de prensa.*
- ◆ *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes á aportación do Concello ao presente convenio.*

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

SEXTA.- O CONCELLO DE VIGO a través da súa CONCELLARÍA-DELEGADA DA ÁREA CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL obrígase a:

Aboarlle ao Grupo Aletheia un importe total de 14.000 €. como compensación dos gastos orixinados polos conceptos detallados na cláusula anterior; tras os informes técnicos correspondentes e a aprobación da memoria polo concelleiro-delegado da Área Cultura e Animación Sociocultural.

SÉTIMA.- Unidade xestora e mecanismos de seguimento do convenio.

A xestión deste convenio corresponderalle á unidade de Cultura do Concello de Vigo e o seu seguimento realizarase a través do A.C. Grupo Aletheia, da presenza de persoal do Departamento de Cultura do Concello nas actividades programadas e dos informes ou memoria correspondentes.

A tal efecto e co fin garantir o cumprimento do redactado neste Convenio, crearase unha comisión de coordinación e seguimento do mesmo, presidida polo Concelleiro-delegado do Área Cultura e Animación Sociocultural e formada por un representante da entidade organizativa das Xornadas, A.C. Aletheia e un representante do departamento de Cultura nomeados a tal fin.

OITAVA.- Difusión.

A produción do material gráfico relacionado coas Xornadas de Filosofía será asumida integramente pola A.C. Grupo Aletheia. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellaría-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellaría-delegada da Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Tamén figurarán os anagramas-logotipos das entidades colaboradoras nas xornadas que determine a Concellaría-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellaría-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

NOVENA.- Sistemas de pagamento.

O Concello de Vigo aboaralle ao A.C. Grupo Aletheia o importe de 14.000 € por transferencia bancaria á conta n. 0468/0040105822 que a citada entidade ten aberta na oficina da praza da Independencia de Caixanova a nome de Grupo Aletheia; despois da aprobación da memoria-avaliación, tras os informes técnicos favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural .

DÉCIMA.- Incumprimentos.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o día 31 de decembro 2009.

DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de controversias e desenvolvemento.

A Xunta de Goberno Local queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución e o Concelleiro de Cultura adoptará as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade asinan, por triplicado exemplar, o presente convenio na data xa indicada.

XIX XORNADAS DE FILOSOFÍA
“Darwin e a Teoría da evolución”
Salón de actos da Fundación Caixagalicia

13-16 de outubro de 2009

PROGRAMA

Día 13, martes

- 16.30h. *APERTURA DAS XIX XORNADAS.*
- 17.15h. *Xavier Bellés Ros: Darwin e a expresión das emocións*
- 18.15h. *Coloquio.*
- 19.00h *Descanso.*

- 19.30h. *Antonio Fontdevila: Reconstruíndo a Darwin, 150 anos despois.*
- 20.30h. *Coloquio.*
- 21.30h. *Final da sesión.*

Día 14, mércores

- 17.00h. *Carlos Castrodeza Ruíz de la Cuesta: As miserias de Darwin*
- 18.30h. *Coloquio.*
- 19.00h *Descanso.*

- 19.30h. *Andrés Moya: As perigosas ideas de Darwin*
- 21.00h. *Coloquio*
- 21.30h. *Final da sesión.*

Día 15, xoves_

- 17.00h. *Jordi Agustí: Patróns evolutivos na evolución humana*
- 18.30h. *Coloquio.*
- 19.00h *Descanso.*

- 19.30h. *Jesús Mosterín: A visión darwinista do ser humano*
- 21.00h. *Coloquio*
- 21.30h. *Final da sesión.*

Día 16, venres

- 17.00h. *Juan Moreno Klemming: Os retos actuais do darwinismo: Unha teoría en crise?*
- 18.30h. *Coloquio.*
- 19.00h. *Descanso.*

- 20.00h. *Francisco Pelayo López: Darwin e a controversia entre creación e evolución.*
- 21.00h. *Coloquio.*
- 21.30h. *Clausura.*

4.- ORZAMENTO DESAGREGADO.

A.- GASTOS:

<i>Emolumentos conferenciantes:</i>	6.000 €
<i>Viaxes:</i>	3.000 €
<i>Hotel:</i>	2.000 €
<i>Comidas:</i>	1.400 €
<i>Carteis, programas, carpetas:</i>	3.000 €
<i>Comunicacións: fax, teléfono, cartas, etc.</i>	600 €
TOTAL GASTOS:	16.000 €

B.- INGRESOS:

<i>Deputación de Pontevedra:</i>	1.000 €
<i>Consellería de Cultura:</i>	1.000 €
<i>Concello de Vigo:</i>	14.000 €
TOTAL INGRESOS:	16.000 €

XVIII XORNADAS DE FILOSOFÍA

13-16 de outubro de 2009

DIFUSIÓN E FUNCIONAMENTO

A publicidade das Xornadas de Filosofía abrangue os seguintes ámbitos:

- 1.- Edición e distribución pola cidade de 1.000 carteis, deseñados polo pintor Antón Pulido.
- 2.- Presentación das Xornadas en rolda de prensa, presidida polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.
- 3.- Edición e distribución de 3.000 dípticos co programa das xornadas.
- 4.- Distribución de carteis e dípticos co programa a todos os centros de ensino público e privado de Galicia, universidades españolas e principais institucións galegas.
- 5.- Notas de prensa da temática das xornadas día a día.
- 6.- Entrevistas nos medios de comunicación cos relatores das xornadas.

FUNCIONAMENTO DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA EN VIGO

1.- *As Xornadas de Filosofía son abertas ao público en xeral, se ben son de máis interese para profesores universitarios e de ensino secundario.*

2.- *A inscrición é gratuíta.*

3.- *A inscrición nas Xornadas de Filosofía pode realizarse previamente enviando os datos persoais ao apartado de correos 5350, por correo electrónico (xornadasaletheia@yahoo.es) ou no momento mesmo da apertura das xornadas (se houbera prazas dispoñibles).*

4.- *Outorgaráselles un diploma de asistencia a todos os asistentes que teñan xustificada unha presenza mínima do 60% do programa. Ao profesorado recoñeceráselle vinte horas por parte da Consellería de Educación, útiles para sexenios e outras actividades docentes.*

6(819).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á DELEGACIÓN EN VIGO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA ORGANIZAR A XXVI CARREIRA NOCTURNA DE SAN XOÁN O DÍA 23.06.09. EXPTE. 8646/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 5.06.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro luns 23 de xuño de 2009, a XXVI Carreira Nocturna de San Xoan ” dita proba terá a saída dende a Praza do Rei, ás 21.15 horas, percorrendo as rúas de Camelias, Romil, Paseo de Alfonso, Pi y Margall, López Mora, Bar Boo, Coruña, Tomás Alonso, Paulino Freire, Beiramar e ramatando no Berbés, dita carreira terá un recorrido aproximadamente de 8 Km.

7(820).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á EL CORTE INGLÉS PARA A ORGANIZACIÓN DA IV CARREIRA FEMININA DE VIGO O DÍA 21.06.09. EXPTE. 8651/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 5.06.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a El Corte Inglés conxuntamente coa Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro domingo 21 de xuño de 2009, a IV Carrera Femenina de Vigo ” dita proba terá a saída dende El Corte Inglés ás 11.00 horas e percorrerá as rúas de Gran Via, Urzáiz, Republica Argentina, García Barbón, Isaac Peral , Concepción Areal, entrando polos xardíns de Elduayen e rematar fronte a piscina do Real Club Náutico.

8(821).- PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO DAS BECAS-AXUDAS PARA OS/AS PARTICIPANTES DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”. EXPTE. 5919/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

O proxecto IMOS TRABALLAR é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá que conta cunha axuda económica no marco da Subvención Global do Fondo Social Europeo, tendo como obxectivo xeral cubrir as necesidades en materia de emprego no Concello de Vigo, para poder acadar unha diminución das taxas de emprego e de xerar postos de traballo sostibles e de calidade. Estando dirixido á inserción laboral dos desempregados do área de Vigo, aínda que centrarase nos que teñan especiais dificultades de acceso a un emprego de calidade e de longa duración. Tendo como finalidade lograr a súa inclusión social a través da formación e a súa incorporación no mercado laboral.

Entre estes colectivos atópanse as mulleres en xeral, os homes e mulleres menores de 30 anos, os homes e mulleres maiores de 45 anos, parados de longa duración os colectivos excluídos (inmigrantes, persoas con discapacidades, mulleres maltratadas, persoas por debaixo do límite de pobreza, nais solteiras, expresidarios/as, exdrogadictos/as, exalcohólicos/as).

Para a selección da mostra total dos/as destinatarios/as do proxecto empregaranse varias fontes de procedencia: do Servizo Galego de Colocación (que enviará candidatos) e a través de convocatoria aberta tendo que cumprir as características anteriormente mencionadas ser menores de 30, maiores de 45,...etc. así como outras persoas realmente interesadas neste tipo de formación ou na prestación deste tipo de servizos.

Dentro do proxecto IMOS TRABALLAR destinouse unha partida orzamentaria para a concesión de axudas/becas de asistencia vinculantes á realización de actividades de formación ou práctica profesional relacionadas co Itinerario Personalizado de Inserción dos/as usuarios/as pola contía máxima do 75% do IPREM. Ditas axudas serán compatibles coa percepción de prestación e de subsidio polo desemprego, así como outras axudas públicas, si ben a suma de tódalas percepcións non poderá superar o 75% do IPREM.

A cada usuario/a que se achegue ós servizos do proxecto e ó que se lle incorpore nos Itinerarios Integrados de Inserción socio laboral pediráselle que xustifique a súa situación de desemprego e que demostre si cobra algún tipo de axuda ou percepción.

De ser así valorarase a contía da mesma e compararase coa contía do IPREM (fixado para cada anualidade) aportándolle unha beca /axuda durante o tempo que o/a usuario/a este formándose ou realizando unha práctica profesional.

- Si a contía que percibe o/a usuario/a é inferior ó 75% do IPREM, o proxecto IMOS TRABALLAR completará o montante (aportará a diferenza) ata ó 75%.*
- Si non percibe axuda ou prestación algunha, o proxecto aportará unha beca/axuda polo montante do 75% do IPREM.*

- *No caso de que a prestación ou axuda que perciba supere o montante do 75% do IPREM, o proxecto IMOS TRABALLAR non lle aportará ren.*

As axudas/becas aboaranse a mes natural, prorrateándose a parte correspondente os meses de inicio e de finalización se no momento de comezar o curso formativo ou a práctica profesional non coincidisen co comezo ou final de mes, e dicir, cando estas accións non sexan completas.

En base ao anterior, o proxecto IMOS TRABALLAR (expte. 5198/077) relativo a aceptación da subvención concedida polo MAP e aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de xuño de 2008 así como (expte: 5628/77) relativo a xeración de crédito para o exercicio económico do ano 2009 e a memoria en si do proxecto, estableceu que a xeración do dereito ás becas-axudas das persoas beneficiarias do proxecto viría dado, ao marxe das posibles incompatibilidades, pola súa participación nos módulos de formación específica e práctica laboral exclusivamente. Así mesmo a contía establecida polo proxecto, para o pago da beca é de 395,43 euros como máximo ao mes para cada persoa, que foi o importe polo que o Ministerio de Administracións Públicas resolveu a concesión da subvención, que en ningún caso supera o 75% do IPREM para o ano 2009. O número de posibles beneficiarios/as e duración das becas-axuda por itinerario é:

- *Curso de Especialista en atención domiciliaria infantil: Sete cursos programados para todo o proxecto, para 15 persoas por curso e cunha duración 200h, tendo en conta que 50 h. serán prácticas.*
- *Curso de Atención socio sanitaria a persoas no fogar: Seis cursos programados para todo o proxecto, para 15 persoas por curso cunha duración de 750 h, tendo en conta que 150 serán practicas..*
- *Curso de Empregada de fogar: Seis cursos programados para todo o proxecto, para 15 persoas por curso, cunha duración de 520 horas, sabendo que 100 h. serán prácticas.*
- *Curso de Coidador de discapacitados físicos e psíquicos. Sete cursos programados para todo o proxecto, para 15 persoas por curso e cunha duración de 288 h, tendo en conta que 100 h. serán prácticas.*
- *Curso de Animación a persoas maiores. Sete cursos programados para todo o proxecto, para 15 persoas por curso e cunha duración de 200 h, tendo en conta que 50 h. serán prácticas.*

En base ao anterior, establécese o seguinte procedemento para o cálculo mensual da contía da beca-axuda prevista para os/as beneficiarios/as do Proxecto IMOS TRABALLAR:

- *O importe máximo da beca ao mes será de 395,43 euros.*
- *O pago da beca farase en función dos días de asistencia ás actividades de formación específica e prácticas laborais asociadas. Fíxase desta forma o pagamento da beca-axuda en 13,18 euros por día de actividade e asistencia á citada formación.*

- Entenderase como día de actividade entre 5 o 6 horas efectivas de formación específica ou práctica laboral realizadas nun período non superior a 24 horas.
- So se aboarán os días de asistencia.
- Cando un beneficiario/a cause baixa nunha acción formativa, poderá ser substituído/a por outra persoa sempre que non se teña impartido mais do 25% da formación específica e práctica profesional.
- Seguindo as Bases Reguladoras e as Instrucións para a aplicación e desenvolvemento das bases reguladoras da concesión das axudas da Subvención Global do FSE establécese que as becas-axudas dos/as beneficiarios/as do proxecto non serán incompatibles coa percepción da prestación ou subsidio de desemprego, así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

En aplicación dos criterios anteriormente descritos (contía máxima, número de posibles beneficiarios/as, duración da beca-axuda e procedemento de cálculo), estímase que o custe total aproximado xerado este ano 2009 en concepto de becas-axuda para o proxecto IMOS TRABALLAR é de 221.575,75 €.

O pagamento das becas-axuda do presente ano poderá facerse con cargo á partida 3220 4890001 "Becas do Proxecto IMOS TRABALLAR".

Para o cumprimento do citado pagamento, o Director do proxecto IMOS TRABALLAR remitirá mensualmente (antes do día 5 do mes seguinte) a Intervención Xeral Municipal:

- Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios/as do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.
- Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido.
- Igualmente comunicarase o departamento de Intervención para a súa correcta tramitación os datos necesarios para a inclusión nas nóminas, DNI, nº de conta bancaria, altas e baixas nos cursos, etc.

Dado que estas persoas se atopan en situación de desemprego e que non cobran ningún tipo de prestación ou subsidio, sendo importante o cobro da beca para o seu sustento económico, faise necesario que o pagamento destas becas se faga a mes vencido dentro do listado de nóminas de persoal para evitar os atrasos no seu cobro.

En consecuencia, polo que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1. Autorizar o gasto polo importe de 221.575,75€ para facer fronte as axudas que se devenguen no exercicio 2009, pola asistencia os cursos dos/as participantes no Proxecto IMOS TRABALLAR, con cargo na partida presupostaría 3220 4890001.

2. *Aprobar o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Proxecto IMOS TRABALLAR consistente en remitir mensualmente á Intervención Xeral municipal:*
- *Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas,*
 - *Informe das contías que se lle deben pagar aos/as beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo así efectivo o pagamento destas becas-axudas a mes vencido, mentres dure a súa participación no proxecto.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(822).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROMOCIONES VIVENDA-PLAZA S.L. POR OBRAS NA RÚA PINO, 63. EXPTE. 71673/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 5.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

En data 07 de decembro de 2005 por parte de PROMOCIONES VIVEN-PLAZA, S.L., constituíuse un aval de 1.500 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PINO, 63 (expte 71673/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra PROMOCIONES VIVEN-PLAZA, S.L, en data 06 de maio de 2009 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 12 de maio de 2009, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 07 de decembro de 2005 por PROMOCIONES VIVEN-PLAZA, S.L, con NIF B-36910891, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PINO, 63, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(823).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A HERMIDA GRAÑA S.L. POR OBRA NA AVDA. DO AEROPORTO,60. EXPTE. 70478/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 5.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

En data 26 de xaneiro de 2005 por parte de HERMIDA GRAÑA, S.L., constituíuse un aval de 1.500 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Avda. DO AEROPORTO, 60 (expte 70478/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra, S.L, en data 11 de marzo de 2009 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 20 de maio de 2009, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 26 de xaneiro de 2005 por HERMIDA GRAÑA, S.L, con NIF B-36791911, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Avda. DO AEROPORTO, 60, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(824).- MODIFICACIÓN DA TRAZA DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA RÚA AREAL. EXPTE. 18642/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.06.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 27.05.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes*

lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

ANTECEDENTES

D. Eloy Garcia Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30/04/2009, manifesta que o aparcadoiro situado na Avenida Areal adxudicado á súa representada atópase situado no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal. En consecuencia, o proxecto construtivo precisa da autorización da Consellería de Cultura e Deporte. Con carácter previo á aprobación do proxecto do aparcadoiro a Consellería ordenou a realización de sondaxes arqueolóxicas. Con ocasión da realización das mesmas apareceron restos arqueolóxicos de época romana e moderna, polo que a Consellería acordou a realización dunha escavación arqueolóxica en área continua para determinar a entidade dous restos arqueolóxicos inmoebles, de cara a súa posible conservación in situ e a resultados das cales se determinaría a viabilidade do aparcadoiro subterráneo. Á vista deste acordo, ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., solicita informe á Comisión Provincial de Patrimonio sobre a elaboración dun novo proxecto do aparcadoiro cunha nova traza que exclúe a zona na que é precisa a escavación en área, posibilidade informada favorablemente no acordo da Delegada Provincial da Consellería de Cultura de data 23/03/09. En consecuencia, solicita do órgano de contratación a modificación da planta do aparcadoiro da rúa Areal para proceder á redacción dun novo proxecto construtivo que conte coa aprobación da Consellería de Cultura. Adxunta coa solicitude:

- Plano coa nova traza autorizada pola Consellería de Cultura.
- Plano coa nova ordenación en superficie, que inclúe cadro de diferenzas estimadas entre o proxecto inicial e o que se redactaría se conta coa aprobación do Concello de Vigo.

Na tramitación do presente expediente, recabáronse os seguintes informes:

- Informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 07/05/2009.
- Informe da Sra. Arqueóloga Municipal do servizo de Patrimonio Histórico, de data 12/05/2009.
- Informe do Sr. Xefe de Área de Servizos Xerais, de data 20/05/2009.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteprojectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 1, que comprende os aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro resultou adxudicado á ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E. O contrato formalizouse en data 13 de xuño de 2007.

Segundo.- O proxecto de construción do aparcadoiro da rúa Areal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 5 de maio de 2008.

Este aparcadoiro se sitúa no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, encadrado na categoría de ben catalogado no planeamento municipal, e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ten que autorizar calquera intervención que lle afecte. Así, unha vez aprobado o proxecto polo órgano de contratación, solicitouse autorización á Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

Antes de informar o proxecto do aparcadoiro na Avenida de Areal a Consellería ordenou a realización de sondaxes arqueolóxicas, e unha vez rematadas as mesmas, dado que se tiñan encontrado diversos restos arqueolóxicos ordenou unha ampliación das sondaxes. Efectivamente, en Resolución de data 24/10/2008, se manifesta que “Tendo en conta que apareceron restos arqueolóxicos de época romana e moderna, deberá realizarse unha escavación arqueolóxica en área continua para determinar a entidade dous restos arqueolóxicos inmóbeles, de cara a súa posible conservación in situ e a viabilidade do aparcadoiro subterráneo, tal como se encontra programado en toda a súa extensión. A escavación arqueolóxica deberá abranger, como mínimo, a área que envolve as sondaxes 4,5,7,8,9,13,17 e 21, a non ser que se presente un proxecto que exclúa esa zona do aparcamento subterráneo.” Nesta liña, e unha vez rematadas as sondaxes arqueolóxicas, a concesionaria solicita informe á Comisión Provincial de Patrimonio sobre unha nova traza do aparcadoiro que, dentro da súa Concesión, exclúa a zona que envolve as sondaxes 4,5,7,8,9,13,17 e 21, a cal e informada favorablemente en resolución de data 23/03/2009, na que se acorda que “Non habería inconveniente en que se executase un aparcadoiro subterráneo no novo ámbito que se propón (que reduce en superficie a proposta inicial), xa que non afectaría aos restos arqueolóxicos esenciais, tal como se deduce dos resultados das sondaxes arqueolóxicas.”

O cambio de traza do aparcadoiro solicitado, implica unha modificación do Prego de cláusulas técnicas e administrativas que rexe a concesión, posto que como anexos ó mesmo se inclúen os anteprojectos de cada un dos aparcadoiros.

Esta modificación é informada favorablemente polos servizos municipais con competencias na materia. Así, o Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, técnico municipal encargado da supervisión das obras de construción do aparcadoiro, informa que “dende o punto de vista técnico non hai inconveniente en acceder o solicitado” e puntualiza que o proxecto modificado deberá asumir os desvíos dos servizos soterrados que resulten afectados, nas mesmas condicións en que foron aprobados no proxecto anterior.

O Sr. Xefe de Área de Servizos Xerais tampouco encontra inconveniente en acceder a modificación solicitada e indica que “deberase respectar o contemplado no proxecto inicialmente aprobado en canto a acabados superficiais da humanización da rúa (pavimentación, alumado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.) e desvío de servizos afectados.

Pola súa banda, a Arqueóloga Municipal tamén informa favorablemente o cambio de traza, e precisa que o novo proxecto a presentar unha vez aprobada a modificación “deberá ter en conta que as entradas e saídas do aparcadoiro -de vehículos e peonís- non poderán afectar ás estruturas arqueolóxicas documentadas. Así mesmo, deberá preverse que o novo trazado dos servizos non

afecte tampouco aos restos arqueolóxicos inmoables, especialmente aos tanques das salinas romanas.”

Terceiro.- Resulta preciso determinar a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP.

O órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que tiña por conveniente, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público, e se cumpran estes dous requisitos:

- *Que non se formule oposición por parte do contratista.*
- *Cando a contía das modificacións do contrato, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.*

En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigos 59.3 e 249.2 LCAP e 114.2 e 3 TRRL).

O artigo 101.1 LCAP matiza que, unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación so poderá introducir modificacións por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, impondo a obriga de xustificalo debidamente no expediente (no mesmo sentido, artigo 240.1 en relación ó contrato de concesión de servizo público).

No presente suposto as modificacións contractuais son solicitadas directamente polo contratista. Son debidas a causas imprevistas: o hallazgo de importantes restos arqueolóxicos. Se ben o aparcadoiro esta situado nunha zona de cautela arqueolóxica era imposible prever inicialmente a entidade dos hallazgos arqueolóxicos e a posibilidade de que os mesmos pola súa importancia fose preciso conservalos en área. Coa traza aprobada non é posible determinar se será posible construír o aparcadoiro. Para determinar a súa viabilidade sería preciso emprender unha escavación en área, a resultas da cal, a Consellería de Cultura debería determinar se procede ou non a aprobación do proxecto construtivo, pois de aparecer novos restos arqueolóxicos non se descarta ter que reducir a súa superficie para conservar os restos en área. En consecuencia, parece aconsellable unha modificación do proxecto construtivo que exclúa as zonas onde teñen aparecido os restos arqueolóxicos. Pois continuar con sondaxes, sen garantías de poder construír o aparcadoiro tal e como esta previsto no citado proxecto, incrementaría os custos de construción e podería ter importantes repercusións na economía do contrato.

ELOYMAR TRANVÍAS, U.T.E., en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27/05/2009, manifesta a súa renuncia a realizar reclamación económica ningunha ó Concello por consecuencia desta redución de prazas.

Se ben esta modificación non implica gastos para a Administración municipal, no entanto, é de ter en conta que a redución do número de prazas do aparcadoiro conleva unha redución do canon a pagar, xa que este se fixa en función das prazas (artigo 62 PCAP), polo que resulta precisa a previa fiscalización do gasto por parte da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL).

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización, nos termos do artigo 54 LCAP (artigo 101.2 LCAP).

Dado que se trata de unha concesión de servizo público, as modificacións do prego están suxeitas ó trámite de información pública durante trinta días regulamentado no artigo 121 RS.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 59.1 LCAP e 114.3 TRRL).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Intervención Xeral e da Asesoría Xurídica (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Modificar a traza do aparcadoiro da rúa Areal conforme ó Plano presentado por ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., que se adxunta ó presente informe.

2º.- Someter a información pública polo prazo de 30 días a modificación prevista no apartado 1º deste acordo.

3º.- De non presentarse alegacións durante o prazo de exposición pública da modificación prevista no apartado 1º deste acordo, esta entenderanse aprobada automaticamente.

4º.- Unha vez aprobada definitivamente a modificación, a concesionaria deberá presentar un novo proxecto construtivo conforme coa nova traza, para a súa aprobación polo órgano de contratación. A hora de redactar o proxecto, han de terse en conta as seguintes precisións, fixadas polos diferentes servizos municipais con competencias na materia:

- Deberá asumir os desvíos dos servizos soterrados que resulten afectados, nas mesmas condicións en que foron aprobados no proxecto anterior.*
- Deberase respectar o contemplado no proxecto inicialmente aprobado en canto a acabados superficiais da humanización da rúa (pavimentación, alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.) e desvío de servizos afectados.*
- As entradas e saídas do aparcadoiro -de vehículos e peonís- non poderán afectar ás estruturas arqueolóxicas documentadas.*
- Deberá preverse que o novo trazado dos servizos non afecte tampouco ós restos arqueolóxicos inmoebles, especialmente ós tanques das salinas romanas.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(825).- SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA AVDA. DE MADRID Nº 150, DE CONSTITUCIÓN DE SERVIDUME NA PARCELA Nº 4 DO PLAN PARCIAL GANDARIÑA 2. EXPTE. 18652/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 25.05.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
- *L 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- D. Alberto Cid Salgado, na súa condición de Presidente da Comunidade de Propietarios da Avda. De Madrid nº 150, mediante escrito con entrada no rexistro xeral da xerencia de urbanismo de data 28.07.2008 solicita a constitución dunha servidume de paso, luces, vistas e arrimo, no lindeiro norte que comparten as parcelas nº 4 e 5 do Plan Parcial Gandariña 2, non menoscabando o interese público da parcela de propiedade municipal, nin as condicións urbanísticas da finca, pois a súa forma fai imposible seu aproveitamento con edificación neste extremo e sí permitiría un mellor aproveitamento da finca nº 5 e melloraría a imaxe final do conxunto da edificación con fronte ao vial V”.

Segundo.- Polo Director Adxunto aos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo emitíuse informe en data 6 de abril do 2009, referente a solicitude presentada, sinalando que:

- *Con independencia de la forma geométrica de la porción de la parcela municipal sobre la que se solicita establecer unas servidumbres, acceder a ello supondría no poder edificar sobre esa porción.*
- *No consta ningún interés municipal en el establecimiento de esas servidumbres.*
- *La porción de la parcela municipal que nos ocupa linda al norte con el vial V 2, al oeste y sur con la parcela nº 5 propiedad del solicitnte, y al este con resto de la parcela municipal. (...)*”

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- A parcela nº 4 do Plan Parcial de Gandariña 2, sobre a que interesa a solicitante a constitución das servidumes, consta como de titularidade municipal adxudicada, dentre as de cesión de

uso e dominio público no proxecto de compensación do PP Gandariña 2 (aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local o 14 de xaneiro de 2008), para uso dotacional, dunha superficie de 1.240 m², e colindante polos seus ventos sur e oeste, coa parcela n^o 5, da Comunidade de Propietarios da Avda. de Madrid n^o 150.

De acordo co proxecto de compensación aprobado e os fins e usos aos que resulta afectada a parcela n^o 4 adxudicada ao Concello de Vigo, a mesma clasifícase coa natureza xurídica de ben de dominio público suxeita ao rexime xurídico propio destes bens.

O art. 5.4 da LPAP sinala que os bens e dereitos de dominio público rexeranse polas leis e disposicións especiais que lles sexan de aplicación, e a falta de normas especiais pola propia lei e disposicións que a desenvolvan ou complementen. As normas xerais do dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado, aplicaranse como dereito supletorio.

Neste senso, a xestión e administración de ditos bens demanias responderan, entre outros, aos principios da súa inalienabilidade, inembargabilidade e imprescriptibilidade; a adecuación e suficiencia para servir o uso xeral ou servizo público a que se destinen; ou a aplicación efectiva a ditos usos ou servizos sen mais excepcións que as derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas. (art. 6 LPAP).

Segundo.- A Comunidade de Propietarios solicitante plantexa unha servidume de paso, luces, vistas e arrimo que daría lugar ao establecemento dun gravame de xeito continuado e permanente sobre a parcela municipal n^o 4 do PP e a favor da parcela n^o 5 que se vería beneficiada dos dereitos resultantes de dito gravame.

O Código civil regula no seu título VII do libro II, o dereito real de servidume, definíndoo como un gravame imposto sobre un inmovible en beneficio doutro pertencente a distinto dono (art. 530), poidéndose establecer pola lei ou pola vontade dos propietarios, resultando denominadas as primeiras legais e as segundas voluntarias (art. 536).

Neste marco normativo do dereito privado, de aplicación en calquera caso supletoria ó patrimonio público das Administracións, de acordo coa xerarquía normativa que rexe (art. 5,4 LPAP), podese considerar, con carácter xeral, que os bens de natureza demanial, en función ao principio da prevalencia na aplicación efectiva e dedicación preferente ao uso común sobre o privativo, atopanse suxeitos ao réxime xurídico previsto para as servidumes legais, é dicir, aquelas impostas pola lei que responden a unha utilidade pública ou no seu caso interese particular, previstas e reguladas polas propias leis e regulamentos que as determinen, e no seu defecto polas disposicións do cc. (art. 549 e ss do CC).

No presente caso, a solicitude de constitución das servidumes non responden a unha imposición legal, o que supondría no seu caso a necesaria suxeición do inmovible ás prescricións legais que a establezca, senon a vontade da propiedade colindante de dispoñer duns dereitos de paso, luces, vistas e arrimo sobre a parcela municipal, poidéndose considerar polo tanto circunscritas ao ámbito de aplicación das servidumes voluntarias. Neste contexto, en función á natureza demanial da parcela municipal, prima o principio xeral de afectación e destino ao uso ou servizo público a que responde dito ben, fronte a posibles dereitos de uso ou aproveitamento especial ou privativos que poidan constituírse na mesma, atopandonos neste caso no ámbito normativo do dereito público que rexe e regula a xestión dos bens e dereitos integrantes do demanio público.

Terceiro.- A lexislación básica reguladora do patrimonio das Entidades Locais (LRBRL e LPAP) conceptúan os bens de dominio público como aqueles que sendo de titularidade pública se destinen a un uso ou servizo público (art. 79,3 LRBRL e art. 5.1 LPAP).

A excepción o uso común xeral que corresponde a ditos bens, mediante a ocupación ou aproveitamento especial ou privativo que por parte de terceiros poidan interesarse, requirira do correspondente título habilitante que o autorice outorgado pola autoridade competente e de acordo co procedemento legalmente establecido. As autorizacións e concesións sobre o dominio público rexeráse en primer termo pola lexislación especial reguladora de aquela e, a falta de normas especiais o no seu caso de insuficiencia destas, polas disposicións desta Lei (Art. 84 LPAP).

O solicitado no presente caso pola Comunidade interesada, daría lugar a un uso privativo ou especial do dominio público municipal, sendo necesario determinar a conveniencia e xustificación para o interese público municipal do outorgamento dun título que habilite a constitución e establecemento dos dereitos reais co que resultaría gravada a parcela municipal.

Cuarto.- Cumpre sinalar primeramente, que tanto as autorizacións como as concesións demaniais atopáanse suxeitas a prazo, polo que a duración dos dereitos reais vencéllase a do prazo de vixencia do título administrativo que os autorice, ao non estar permitido o seu outorgamento con carácter indefinido (art. 79 RBEL). Circunstancia que condiciona os termos nos que pode outorgarse e a vixencia dos dereitos e obrigas recoñecidos, xa que o transcurso do prazo actúa en calquera caso como causa de extinción dos dereitos constituídos sobre a parcela municipal, debendo quedar libre de toda carga ou gravame resultante do título e, polo tanto, de todo signo externo, obra ou instalación que traia causa deste.

Por outra banda, a solicitante motiva a súa pretensión, alegando que a servidume non menoscabaría o interese público da parcela municipal, nin as condicións urbanísticas da finca, pois a súa forma fai imposible o seu aproveitamento con edificación nese extremo, e sí permitiría un mellor aproveitamento da finca nº 5 e melloraría a imaxe final do conxunto da edificación con fronte ao vial V". En contraposición ao alegado, no informe do director adxunto aos Servizos técnicos da Xerencia sinalase que: "Con independencia de la forma geométrica de la porción de la parcela municipal sobre la que se solicita establecer unas servidumbres, acceder a ello supondría no poder edificar sobre esa porción. No consta ningún interés municipal en el establecimiento de esas servidumbres."

Polo tanto, non pode concluirse como pretende a interesada, que dito gravame non afectaría ao aproveitamento da parcela municipal e conseguintemente ao cumprimento dos fins públicos a que resulta vencellada. Nin atende a un interese público municipal no que motivar a conveniencia na concesión desa autorización, senon que responde únicamente ao interese particular da solicitante de obter un mellor aproveitamento da súa parcela, que en nada beneficia a parcela municipal que se vería, polo contrario, condicionada no futuro, co establecemento dunhas servidumes coa que resultaría gravada.

Quinto.- Finalmente, carece de relevancia estimar que o deber de retranqueo en 3 metros da edificación no lindeiro en cuestión non beneficia nin ao Concello nin ao interese público, o que perxudicaría a percepción ordenada da rúa V2.

Tanto as condicións de edificación como de utilización dos terreos atópanse fixadas e reguladas nas correspondentes normas urbanísticas do PXOM, sendo de aplicación conseguintemente dende a súa entrada en vigor, as que terán que axustarse necesariamente as actuacións edificatorias e de utili-

zación establecidas en relación as devanditas parcelas, con independencia do que o respecto estime a propiedade.

Sexto.- Por todo o anteriormente exposto, non procede acceder ao solicitado pola Comunidade de Propietarios nº 150 da Avda. De Madrid, debendose denegar a autorización para a constitución dunha servidume de paso, luces, vista e arrimo sobre a propiedade municipal nº 4 do PP Gandariña 2.

Setimo.- A teor do que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude da Comunidade de Propietarios nº 150 da Avda. De Madrid para a constitución dunha servidume de paso, luces, vista e arrimo sobre a propiedade municipal co-repondente a nº 4 do Plan Parcial Gandariña 2.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente á interesada e a Xerencia Municipal de Urbanismo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(826).- SOLICITUDE DE TELEFÓNICA MOVILES ESPAÑA S.A. DE INSTALACIÓN DUNHA BASE DE TELEFONÍA MÓBIL NO APARCAMENTO PÚBLICO DA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 33670/422.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 25.05.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A sociedade TELEFONICA MOVILES ESPAÑA SA solicitou en data 26.02.2008 licencia municipal de actividade para a construción e posta en servizo dunha estación base de telefonía móbil no aparcamento público sito na rúa Venezuela, co fin de mellorar o nivel de cobertura e atención aos usuarios da zona, tramitándose pola Xerencia Municipal de Urbanismo baixo o nº de expediente 33.670/422.

Coa súa solicitude a interesada achega fotocopia do contrato de arrendamento do 1 de outubro do 2006, asinado coa entidade CONYCASE SL (na súa condición de concesionaria do aparcamento público da rúa Venezuela), polo que esta arrenda a aquela a superficie necesaria no interior e sopor-

tes exteriores do aparcamento para a instalación dos equipos de telecomunicacións e elementos accesorios.

Segundo.- Por parte do enxeñeiro técnico do servizo de vías e obras, remitiúse o expediente de licencias de referencia para informe desta unidade de patrimonio ao tratarse dunha instalación nun aparcamento público.

Terceiro.- O arquitecto de Patrimonio, emite informe en data 10 de marzo do 2009 no que sinala que: (...) La presente solicitud de instalación plantea la ocupación parcial de uno de los accesos con una "sala de equipos", lo que entiendo no es viable por su falta de adecuación al pliego de condiciones, por el cambio de uso.

En caso de que se considere la instalación necesaria para la zona, se pudiera ubicar dicha sala de equipos en un local comercial, no habiendo problemas a nivel patrimonial, siempre que cumpla con el Reglamento de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- O aparcamento soterraneo sito na rúa Venezuela desta cidade, é de titularidade pública municipal, afecto ao servizo público, que en réxime concesional xestiona e explota a entidade CONYCASE SL por acordo plenario de 30 de agosto de 1999.

Segundo.- A ocupación do aparcamento soterraneo mediante instalación dunha estación base de telefonía movil, pretendida polo entidade mercantil TELEFONICA MOVILES ESPAÑA SA, implica un aproveitamento privativo do dominio público, configurado como aquél que limita ou exclúe a utilización do mesmo por outros interados. (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).

É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación do dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP). O título habilitante necesario sería a autorización administrativa ou concesión, en función de se a ocupación faise con instalacións desmontables ou fixas, ou excede do prazo de catro anos. (artigo 86 LPAP).

Terceiro.- No presente caso, de acordo co informado polo arquitecto de Patrimonio, non procede outorgar a autorización de ocupación do dominio público, co obxecto da construción e posta en servizo dunha estación base de telefonía móvil no aparcamento público sito na rúa Venezuela, ao non resultar viable pola falta de adecuación ao prego de condicións, dando lugar a un cambio de uso.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Denegar á entidade mercantil TELEFONICA MOVILES ESPAÑA SA autorización para a ocupación do dominio público mediante a construción e posta en servizo dunha estación base de telefonía movil no aparcamento público da rúa Venezuela.

Segundo.- Notificar a presente a Telefónica Moviles España SA, á entidade concesionaria CONYCASE SL, e a Xerencia de Urbanismo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(827).- EXPEDIENTE DISCIPLINARIO A FUNCIONARIO DE CARREIRA DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33743/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do instrutor do mesmo, do 13.04.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Impor ao funcionario de carreira con posto de traballo de Policía Local, D. Óscar González Vázquez, Nº. de Persoal 79372, a sanción de perda de remuneración de 10 días con igual período de suspensión de funcións (art. 28.1.2 da Lei Orgánica 2/86), pola comisión dunha falta grave de “atentado grave á dignidade dos funcionarios ou da Administración”, (art. 7.7 do RD 884/89), pola ameaza proferida ao veciño de Vigo Abdelahamid Saouli, o día 15 de agosto de 2007, feito polo que resultou condenado na Sentenza 318/07 ditado polo Xulgado de Instrucción nº 8 dos de Vigo.

15(828).- SUBSTITUCIÓN DE LOSETAS DE FORMIGÓN POR LOSETAS DE GRANITO EN DIVERSAS OBRAS DO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL. EXPTE. 101/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 28.05.09, que di o seguinte:

Dentro dos proxectos de humanización financiados con cargo aos Fondos Estatais de Inversión Local, algúns foron redactados incluíndo na pavimentación de beirarrúas losetas de formigón.

Tales proxectos foron aprobados e adxudicados en Xunta de Goberno Local según o seguinte detalle:

	<u>Aprobado</u>	<u>Adxudicado</u>	<u>Adxudicatario</u>
Humanización Avda. Balaídos	21/01/09	27/03/09	Isolux Corsan
Humanización Rúa Val Miñor	21/01/09	04/03/09	Const. Eiriña
Humanización Alcalde Portanet	21/01/09	27/03/09	UTE Eiriña - Imes
Humanización Rúa Marín	21/01/09	24/03/09	Const. Crespo
Humanización Rúa Estrada	21/01/09	27/03/09	UTE Eiriña - Imes
Humanización Rúa Baiona	21/01/09	27/03/09	Gamallo
Humanización Rúa Redondela	21/01/09	24/03/09	Hidroscivil
Humanización Torrecedeira. Lote I	21/01/09	27/03/09	Hidroestructuras - Indepo
Humanización Torrecedeira. Lote II	21/01/09	27/03/09	UTE Eiriña - Imes
Humanización Tomás A. Alonso	21/01/09	27/03/09	UTE Movexvial – Demain

Unha vez iniciadas as obras e seguindo instrucións da Alcaldía, se decide substituír pola Dirección Facultativa Municipal as losetas de formigón por losetas de granito, concepto totalmente factible xa que no prego de cláusulas administrativas, apdo. 16.7 “Melloras” se indica :

Valorarase ata un máximo de 10 (dez) puntos a aportación económica, ata un máximo do 10 % do tipo de licitación, co destino específico para as seguintes melloras:

-Materiais e acabados superficiais

Mellora da calidade dos elementos a empregar na execución das obras (introducción de elementos pétreos para pavimentación superficial, inclusión de melloras en mobiliario urbano, alumeado, sinalización, redes de servizos, etc.).

Á vista do anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- *Destinar as cantidades asignadas a melloras á Substitución de losetas de formigón por losetas de granito seguindo instrucións da Alcaldía e atendendo ao criterio que se recolle no apartado 16.7 “Melloras”, do Prego de Cláusulas Administrativas.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(829).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ANTONIO REY PÉREZ CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DE OBRAS DE BAIXADA A RÍOS Nº 91. EXPTE. 56760/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 9.06.09, conformado pola concelleira-delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por ANTONIO REY PÉREZ , de data 20/08/08, en relación a fianza constituída en data 20/08/08, para responder dos danos que puderan ocasionarse por execución de obras de retirada de bionda en Baixada a Ríos nº 91, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Xefe do Servizo de Vías e Obras, donde informa favorablemente a devolución do aval, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución do aval a ANTONIO REY PÉREZ, constituída na data reseñada, polo importe de 1.500 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local corda proceder á devolución do aval a ANTONIO REY PÉREZ, constituída na data reseñada, polo importe de 1.500 euros.

17(830).- AMPLIACIÓN DO IMPORTE DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MESTURAS BITUMINOSAS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS PARA A SEGUNDA ANUALIDADE DO MESMO. EXPTE. 54057/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 12.05.09, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, a concelleira delegada de dita Área e polo interventor accidental, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 20 de marzo de 2008 o Xefe do servizo de Vías e Obras emite un informe sobre a necesidade de adianta-la prórroga do contrato de subministro de mesturas bituminosas que o Concello ten asinado con " Sercocysa Proyectos y Obras, S.A. " para o normal funcionamento das brigadas de traballo de mantemento e conservación de camiños e outras vías públicas dependentes do servizo (persoal do servizo, persoal de programas de colaboración Xunta- Concello, Programas de emprego BIAL e UTIL, etc.), indicando que o saldo pendente de consumir do contrato para a segunda anualidade do mesmo non acadará máis alá do vindeiro mes de maio 2009.

O contrato, por un importe de 1000.000,00 € , a razón de 500.000 por ano, foi adxudicado pola Xunta de Goberno Municipal en sesión do 29 de abril de 2008 a " Sercocysa Proyectos y Obras, S.A. " cun desconto porcentual do 18,37 % respecto do cadro de prezos do prego técnico . Todo isto de acordo cos pregos aprobados pola Xunta de Goberno do 17-02-2008 e a oferta presentada e formalizado posteriormente con data 21 de maio de 2008, continuando en vigor actualmente.

Dado o grande consumo deste subministro, polas razóns que figuran no informe do responsable do taller e indicadas anteriormente, resulta necesario ampliar a segunda anualidade do contrato en 350.000,00 euros o que elevaría a anualidade 2009 - 2010 a 850.000,00 euros dos que 350.000,00 € irían imputados o orzamento 2009 quedando para o orzamento 2010 un importe de 150.000,00 €

A partida presupostaria que daría cobertura a este gasto sería a : 5110.210.0000

A empresa titular do contrato que cúa anualidade se pretende ampliar dá a súa conformidade á ampliación da segunda anualidade, obrando dito escrito de conformidade no expediente.

Previamente a somete-lo expediente á consideración da Xunta de goberno, o memso deberá ser informado pola Asesoría Xeral e fiscalizado pola Intervención Xeral.

A vista dos documentos que obran no expediente, este servizo de Vías e Obras, faille á Comisión de Goberno Municipal a seguinte proposta:

PROPOSTA :

1º.- Ampliar a segunda anualidade do contrato de subministro de mesturas bituminosas para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo con " Sercocysa Proyectos y Obras, S.A.", prevista para o período maio 2009 - maio 2010 , en 350.000,00 euros, nas mesmas condicións que figuran no contrato actual. Deste xeito dita segunda anualidade para o período maio 2009 - maio 2010 pasaría ó importe de 850.000,00 euros

2º.- Financia-lo contrato con cargo a partida 5110.210.00.00 " conservación e mantemento de viais públicos " do presuposto do servizo de Vías e Obras do seguinte xeito:

Imputar ao exercicio 2009 un importe de 700.000 € e ao exercicio 2010 un importe de 150.000 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(831).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA SUBIDA Á MADROA. EXPTE. 58504/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 28.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 5.04.09, conformado pola concelleira delegada de dita Área e polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúas na Sbda. á Madroa ” redactado pola enxeñería Vilar Montoro con un importe base de licitación de con IVE de : 91.455,87 €.

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sen publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Construcción de beirarrúas na Sbda. á Madroa con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :

Importe total con IVE: 91.455,87 €

Prezo sin IVE = 78.841,27 €

IVE soportado pola administración = 12.614,60 €

Partida orzamentaria : 5110.601.0000

4º.- Abri-lo procedemento de negociación sin publicidade, invitando alomenos a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

19(832).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN RÚA MACAL-CASTRELOS. EXPTE. 58498/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 28.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 29.04.09, conformado pola concelleira delegada de dita Área e polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúas na rúa Macal - Castrelos - ” redactado pola enxeñería Vilar Montoro con un importe base de licitación de con IVE de : 113.797,09 €.

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sen publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Construcción de beirarrúas na rúa Macal - Castrelos - con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :

Importe total con IVE: 113.797,09 €

Prezo sin IVE = 98.100,94 €

IVE soportado pola administración = 15.696,15 €

Partida orzamentaria : 5110.601.0000

4º.- Abri-lo procedemento de negociación sin publicidade, invitando alomenos a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

20(833).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA BAIXADA Á PRAIA- SAIÁNS. EXPTE. 50503/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 29.04.09, conformado pola concelleira delegada de dita Área e polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúas na Bxda. á Praia de Saiáns ” redactado pola enxeñería Vilar Montoro con un importe base de licitación de con IVE de : 160.797,09 €

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sen publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Construcción de beirarrúas na Bxda. á Praia de Saiáns con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :

Importe total con IVE: 160.625,71 €

Prezo sin IVE = 138.470,44 €

IVE soportado pola administración = 22.155,27 €

Partida orzamentaria : 5110.601.0000

4º.- Abri-lo procedemento de negociación sin publicidade, invitando alomenos a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

21(834).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN NA AVDA. SANTA MARINA. FASE 2. EXPTE. 58502/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 5.05.09, conformado pola concelleira delegada de dita Área e polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúas na Avda. Sta. Marina. Fase 2 ” redactado pola enxeñería Vilar Montoro con un importe base de licitación de con IVE de : 91.455,87 €.

2º.- Aproba-los pregos de prescripci3ns t3cnicas e de condici3ns administrativas particulares elaborados pola 1rea de Servicios Xerais e Vías e Obras para 1 contrataci3n por procedemento negociado sen publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contrataci3n das obras de Construcci3n de beirarrúas na Avda. Sta Marina . Fase 2 con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :

Importe total con IVE: 280.121,31 €

Prezo sin IVE = 241.483,89 €

IVE soportado pola administraci3n = 38.637,42 €

Partida orzamentaria : 5110.601.0000

4º.- Abri-lo procedemento de negociaci3n con publicidade, sen l3mite de contratistas, para a selecci3n do contratista na forma prevista na lexislaci3n vixente.

22(835).- ADXUDICACI3N DAS BOLSAS PARA A REALIZACI3N DE PR1CTICAS EN OFICINAS DE INFORMACI3N E SERVIZOS TURÍSTICOS. EXPTE. 2821/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 8.06.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a relaci3n de admitidos e excluídos 1 convocatoria de bolsas para a realizaci3n de pr1cticas en oficinas de informaci3n e servizos turísticos, aprobadas na Xunta de Goberno Local, na súa sesi3n ordinaria do d3a, 11 de maio de 2009 e publicadas no BOP N3 95, do xoves 21 de maio de 2009, consonte co previsto na cl1usula cuarta das devanditas bases, polas raz3ns que se especifican:

Presentadas/os

Admitidas/os

1.	ANDREA GARCIA OLIVEIRA	36452711-Y
2.	SAILA DOMINGUEZ PEREZ	77006159-C
3.	ALEJANDRO GARCIA G3MEZ	36103576-Q
4.	AGUEDA LOPEZ RODRIGUEZ	35577681-Q
5.	ENMA DIAZ LOPEZ	34261744-R
6.	ANDREA VAZQUEZ COSTAS	53188794-Y
7.	PATRICIA TORRES L3PEZ	36140833-J
8.	SARA DOMINGUEZ GONZALEZ	53186144-R
9.	VANESA RAMOS RODRIGUEZ	36136717-Z
10.	ANA BELEN GONZALEZ MARTINEZ	36170680-Y
11.	ROSA MARIA URIS DOMINGOS	76899978-F

12.	LILIANA CANCELAS GARGAMALA	78739005-T
13.	MIGUEL PÉREZ RAMOS	36166264-Y
14.	CARLA PEÑA MERAYO	10088041-B
15.	PATRICIA LÓPEZ PEÑEZ	39450217-L
16.	SOFIA GONZALEZ FAÍLDE	33337287-Y
17.	PATRICIA GARCÍA CONDE	36168768-A
18.	NURIA PATIÑO VIEITES	45845402-P
19.	MARÍA LESTÓN LAÍÑO	36121974-Z
20.	CAROLINA GONZALEZ GUEDES	76908725-Z
21.	GRAÑA DOTRAS ENRIQUE	39450724-C
22.	PAULA MARTINEZ BARROS	77001288-W
23.	ANA PEREZ PEREZ	53197127-J
24.	NATALIA BARREIRA	36157165-S
25.	ANA SACARRERA LÓPEZ	36155159-X
26.	DIANA PUENTES GÓMEZ	36145520-P

Excluídas/os

26.	JOSE LUIS CABRAL SUAREZ	NON TEN VALIDADO O TÍTULO
27.	CAROLINA ARMADA CASTRO	NON TEN VALIDADO O TÍTULO

2º.- Adxudicar as bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos, para o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de outubro de 2009, ás 12 persoas primeiras da prelación (Nº 1 a 12, ambas incluídas) que resulta de aplicar as tres fases dos criterios de valoración contidas nas bases ás/aos solicitantes admitidas/os:

1	ENMA DIAZ LOPEZ	34261744-R	0,95	1,75	8	10,7
2	NATALIA BARREIRA FIDALGO	36157165-S	0,9	2	6,65	9,55
3	ANA SACARRERA LOPEZ	36155159-X	0,9	2	5,5	8,4
4	NURIA PATIÑO VIEITES	45845402-P	0,9	1	6,5	8,4
5	CARLA PEÑA MERAYO	10088041-B	0,85	2	5,3	8,15
6	PATRICIA GARCIA CONDE	36168768-A	0,9	1,25	5,5	7,65
7	MARIA LESTON LAÍÑO	36121974-Z	0,85	1,5	4,5	6,85
8	SAILA DOMINGUEZ PEREZ	77006159-C	0,75	1,5	3,65	5,9
9	ANA BELEN GONZALEZ MARTINEZ	36170680-Y	0,775	1,5	3,5	5,78
10	AGUEDA LOPEZ RODRIGUEZ	35577681-Q	0,85	1	3,5	5,35
11	ANDREA GARCÍA OLIVEIRA	39452711-Y	0,85	1,5	2,5	4,85
12	ALEJANDRO GARCIA GÓMEZ	36103576-Q	0,85	1,75	2,15	4,75

Cada unha das 12 persoas da anterior prelación percibirá unha subvención total de 3600 € (impostos incluídos), que se aboará, previa certificación do servizo de turismo de que se

cumpren as bases da convocatoria, mediante unha nominilla a fin de mes, fraccionadas do seguinte xeito durante a vixencia das bolsas: ½ mes de xuño (450€), mes de xullo(900€), mes de agosto (900 €), mes de setembro (900 €) e ½ mes de outubro de 2009 (450€).

3º.- Nomear como prelación de suplentes á formada polas catro persoas que superaron o proceso selectivo con menor puntuación para que, no caso de producirse renuncias ou modificacións, se poidan adxudicar a subvención restante á primeira persoa e sucesivas da prelación (nª 13 a 16, ambas incluídas), previo acordo expreso do órgano de contratación:

LISTA DE ESPERA						
13	SARA DOMINGUEZ GONZALEZ	53186144-R	0,75	1	2	3,75
14	MIGUEL PEREZ RAMOS	86166264-Y	0,775	1,25	1,5	3,53
15	ENRIQUE GRAÑA DOTRAS	39450724-C	0,875	1	1,05	2,93
16	SOFIA GONZALEZ FAILDE	33337287-Y	0,6	1,65	0,5	2,75

23(836).- INFORME SOBRE INNECESARIEDADE DE CONSTITUCIÓN DUNHA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN PARA O POLÍGONO ÚNICO DO PLAN PARCIAL GANDARIÑA-2. EXPTE. 4913/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 2.06.09, conformado polo director da Área de Planeamento-Xestión e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. O Plan Parcial «PP GANDARIÑA-2», ámbito de planeamento delimitado no anterior PXOU-93, foi aprobado definitivamente en sesión plenaria do 29.01.2007 (Exp. nº 7733/411); acordo publicado no BOP nº 35, do 19.02.2007 e no DOG nº 35 da mesma data. Ademais, a súa normativa e ordenanzas de aplicación publicáronse no BOP nº 35, do 19.02.2007 (pp. 38-55). No dito PP delimitábase todo o ámbito como un único polígono, a executar mediante o sistema de compensación.

I.2. A Xunta de Compensación (XC) urbanizadora do ámbito constituíuse en escritura pública de data 08.05.2007 autorizada polo notario de Vigo Sr. Riol López, co núm. 1433 do seu protocolo, aprobada posteriormente pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 09.07.2007 (Exp. nº 4753/401), xunto coa aplicación do modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación da XC, aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11.12.2003 (Exp. nº 4462/401; BOP nº 1, do 02.01.2004).

I.3. Figura inscrita co nº 25/07 no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Xunta de Galicia, en virtude da Resolución do Director Xeral de Urbanismo da CPTOP do 17.09.2007.

I.4. O 14.01.2008 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva do proxecto de compensación do «PP GANDARIÑA-2» (Exp. nº 4777/401), coas observacións contidas na parte dispositiva dese acordo.

I.5. En data 17.04.2009 D. Juan Manuel Pérez Pamies (DNI 36.019.479-F), presidente da XC e que di actuar en nome e representación das entidades “La Bouza Sur, S.L.”, “Nayter, S.L.” e “Apariper, S.L.”, presentou no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90055919) unha solicitude pola que insta a aplicación do modelo de Estatutos xerais de Entidade Urbanística de Conservación (EUC) para o ámbito do «PP GANDARIÑA-2». Informa que a sociedades que representa son titulares das parcelas núms. 1 e 2 do citado PP, que concentran o 80,86% da edificabilidade resultante.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008).
- Modelo de «Estatutos xerais de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Natureza xurídica e finalidade das Entidades Urbanísticas de Conservación (EUC):

As EUC son entidades de dereito público, de adscrición obrigatoria e personalidade e capacidade xurídica propias desde a súa inscrición no Rexistro de EUC, para o cumprimento dos seus fins, relacionados coa conservación da obra urbanizadora: zonas verdes públicas, mobiliario urbano, espazos libres privados sobre os que se constituía un dereito real de uso público a favor do Concello, etc.

Nestes supostos, a obriga de conservación da urbanización corresponderá á Xunta de Compensación ata a completa recepción da mesma por parte do Concello. Nese momento iniciaríase a obriga de conservación a cargo da EUC. Por isto, e malia o teor literal do Art. 5 pfo. 2º do modelo xeral de estatutos e do Art. 2.3.5.4 do PXOM, non existiría inconveniente en que se constituise unha EUC antes da recepción definitiva, expresa ou presunta, das obras de urbanización, xa que é legalmente posible a coexistencia da Xunta de Compensación coa entidade de conservación e sempre quedaría claramente delimitado o suxeito obrigado en cada momento: a Xunta de Compensación ata a completa recepción das obras polo Concello (Arts. 67 RXU e 159 LOUGA) e a EUC a partir dese momento e co alcance previsto no acordo constitutivo.

Os principios que rexen a estrutura e funcionamento destas asociacións «propter rem», creadas para garantir o mantemento e a conservación da urbanización, son os de publicidade do procedemento e toma de acordos e sistema democrático na adopción de decisións; decisións contra as que, de ser o caso, caberá formular recurso de alzada perante o órgano municipal competente.

III.2. Necesidade de constituír as EEUUCC e adscrición obrigatoria dos propietarios do ámbito:

O Art. 110.6 da LOUGA permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes; previsión xa recollida anteriormente no Art. 68 do RXU. Así, en efecto, esta obriga de conservación – suxeita ó prazo que o Plan fixe- ven hoxe imposta especificamente no Art. 2.3.5. do vixente PXOM (como antes no PXOU-93: Apdo. 3.2.3.5.b], in fine) nos seguintes termos:

«Art. 2.3.5 Deber de conservación da urbanización (PXOM 2008):

1.—A conservación da urbanización, unha vez recibida, corresponderá ó Concello, salvo naqueles casos nos que se manifesten as circunstancias que se especifican a continuación.

2.—Nos termos do artigo 110 da Lei 9/2002, de 30 de decembro (LOUGA) e demais normativa aplicable, será obrigatoria a constitución dunha entidade urbanística de conservación en calquera dos seguintes supostos:

- a) Cando así se estableza nos convenios urbanísticos incorporados ó planeamento.
- b) En tódolos polígonos delimitados no termo municipal. Os propietarios asumirán neles só a conservación das zonas verdes de superficie unitaria inferior a 5.000 m² e o mobiliario urbano. A obriga de conservación rexerá por un prazo de 5 anos desde a recepción da urbanización.
- c) Naqueles ámbitos nos que se constituía en favor do Concello un dereito de servidume de uso público da superficie dunha parcela privada («cesión de uso de superficie»), cando esta lles vaia a pertencer a dous ou máis propietarios, ou a dúas ou máis comunidades de propietarios en réxime de división horizontal. Se afectase só a un único propietario ou a unha única comunidade de propietarios en réxime de división horizontal, asumirá directamente a obriga de conservación sen necesidade de constituírse en entidade urbanística de conservación. En todo caso, a obriga de conservación será perpetua e referirase ó pavimento, placa de formigón e elementos baixo rasante. Tamén ós elementos impermeabilizantes e servizos ou redes que discorran enterrados ou sobre rasante, farois, mobiliario urbano, etc.
- d) Naqueles polígonos nos que se executen «rúas de coexistencia» tal e como se definen no artigo 7.1.7 destas Normas Urbanísticas. O deber de conservación será nestes casos por prazo indefinido e referirase á totalidade dos servizos de ditas rúas».

Ademáis desta determinación xeral do PXOM, no caso presente, a obrigatoria constitución dunha EUC resultaría tamén, en principio, do propio «PP GANDARIÑA-2» e dos seus instrumentos de execución; en particular, do proxecto de urbanización aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 07.04.2008 (Exp. nº 4752/401).

Por outra banda, tanto a normativa xeral de aplicación (Arts. 24-30 e 67-70 do RXU) como a propia xurisprudencia do TS consideran que para a constitución dunha EUC non é esixible o quorum requirido para as XC, que a mesma é obrigatoria e que non resulta necesaria a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS do 26.10.1998; RJ 7688). En efecto, dada a súa finalidade esencial, os propietarios non poden

substraerse da participación na entidade de conservación, pois esta ven predeterminada pola propiedade de terreos no ámbito territorial da urbanización.

Neste mesmo sentido, o precitado At. 5 do modelo de Estatutos xerais sinala expresamente que: «A pertencencia á entidade de conservación será preceptiva e ineludible para tódolos propietarios de inmobles incluídos no polígono de referencia, sen que resulte necesaria a súa participación no acto constitutivo».

As cotas de conservación que corresponda satisfacer ós seus membros serán obrigatorias e esixibles pola vía de constrinximento (Art. 110.6 pfo. 3º).

III.3. Innecesariedade de constituir unha EUC no ámbito do «PP GANDARIÑA-2»:

De acordo co precitado Art. 2.3.5.2.b] do vixente PXOM, só resulta obrigatoria a constitución dunha EUC cando se trate de conservar zonas verdes de superficie unitaria inferior a 5.000 m².

No caso presente, e de acordo cos proxectos de compensación e urbanización aprobados definitivamente, a “zona verde” pública do «PP GANDARIÑA-2» (Parcela nº 6 – Ordenanza G-1), cedida ó Concello de Vigo (Registro da Propiedade de Vigo nº2; Finca nº 77.121), ten unha superficie total de 6.300 m², polo que a súa conservación deberá ser asumida directamente polo Concello (Art. 2.3.5.1. NNUU PXOM 2008).

Está conclusión estaría tamén amparada polo propio PXOM, que no seu Art. 2.3.5.7 autoriza ás entidades de conservación constituídas antes da súa entrada en vigor para instar a súa disolución se, de acordo co novo Plan, xa non resultan obrigadas a asumir a conservación da urbanización. É dicir, se non concorren os requisitos esixidos polo PXOM para que os propietarios asuman a conservación da urbanización, resultará innecesario que se constituán en EUC (se aínda non o fixeran) e procedería a súa disolución se a entidade estivese constituída con anterioridade.

III.4. Competencia para a adopción deste acordo:

É competente para adoptar o acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no Art. 127.1.d] da LRBRL.

IV. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a innecesariedade de constituír unha Entidade Urbanística de Conservación para o polígono único do PLAN PARCIAL GANDARIÑA – 2, toda vez que a superficie unitaria da zona verde por conservar (6.300 m²) é superior á establecida como máxima no Art. 2.3.5.2.b] das Normas Urbanísticas do vixente PXOM (5.000 m²). Con todo, a obriga de conservación da urbanización corresponderá á Xunta de Compensación ata a completa recepción da mesma por parte do Concello.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ó da notificación do acordo.

TERCEIRO: Dar traslado tamén deste acordo á concellería de Área de Servizos xerais e Vías e Obras e ós Servizos de Montes, Parques e Xardíns e Limpeza para o seu coñecemento e demais efectos».

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

24(837).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA. EXPTE. 19071/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.06.09, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 8.06.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 15 de xaneiro e 5 de maio de 2009, o xefe do Rexistro Xeral remite oficio manifestando a urxente necesidade de efectuar unha contratación temporal dun/dunha auxiliar administrativo/a que garante o funcionamento do servizo do Concello e o convenio do Portelo único da Xunta de Galicia. A motivación da referida contratación atópase na actual situación do Servizo, que na actualidade conta cunha praza vacante, agravado pola situación de incapacidade laboral transitoria na que se atopan na actualidade tres funcionarios/as adscritos/as ao Servizo e polo inmediato comezo das vacacións anuais do persoal.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 5 de xuño actual, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o nomeamento interino por acumulación de tarefas (artº 10.1.d) do EBEP), dun/dunha auxiliar administrativo/a por acumulación de tarefas.

Na derradeira Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse 14 prazas de Auxiliar de Administración xeral, quedando un total de catro aspirantes, que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtiveron praza, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pero que posteriormente foron nomeadas

interinamente por acordos do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29 de novembro e da Xunta de Goberno Local de 28 de decembro de 2007, respectivamente, polo que na actualidade a referida lista atópase esgotada.

En consecuencia, foi necesario artellar un proceso de cubrición áxil que permitise, coa debida urxencia a formalización de novos nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, que en todo caso deberá ser respetuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2, da Lei 7/2007, do 12 de abril, proceso selectivo que foi autorizado e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 26 de agosto de 2008, na que foron aprobadas as bases dun novo proceso selectivo para o nomeamento interino por acumulación de tarefas de 3 auxiliares administrativos para distintos servizos municipais polo periodo máximo de seis meses, expte. 18310/220.

Executado o referido proceso selectivo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 30 de decembro de 2008, procedeu o nomeamento de tres auxiliares de administración xeral, como funcionarias interinas por acumulación de tarefas, polo periodo máximo de seis meses, a favor de D^a. Margarita Sisto Ramos, DNI 32.680.158-X, D. David Vidal Conde, DNI 76.913.260-H e D^a. Susana Vázquez Barbosa, DNI 34.965.732-M, por se-las candidatas que obtiveron as máximas puntuacións no referido proceso de selección, acordando asimesmo que as persoas que superaron a totalidade dos exercicios do referido proceso selectivo pero obtiveron menor cualificación pasen a formar parte dunha lista de substitucións ou bolsa de efectivos, aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, ou ser excepcionalmente contratados/as como persoal laboral para necesidades conxunturais, previa tramitación do correspondente expediente administrativo ao efecto, acreditado no proceso de selección o cumprimento dos principios consignados no artigo 55 da referida Lei 7/2007.

Nembargantes, con data 29 de xaneiro pasado, un dos candidatos propostos D. David Vidal Conde, DNI 76.913.260-H, renunciou a tomar posesión, polo que foi requerida a aspirante que ocupou o cuarto lugar D^a. Eva María da Rocha González, DNI 76.994.143-X, que aceptou mediante escrito de data 3 de febreiro de 2009 o nomeamento proposto por acumulación de tarefas, sendo nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2009, tomando posesión con data 2 de marzo seguinte. Así mesmo, no referido acordo acordouse o nomeamento interino con cargo a praza vacante de auxiliar de administración xeral (Artº 10.1.a) do EBEP, da seguinte aspirante da lista de substitucións ao que se refire o anterior parágrafo, D. Suraymna Amoedo Rodríguez, D.N.I. 76.991.512-R, que tomou posesión con data 14 de maio de 2009.

Os efectos de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas que figura no parágrafo segundo desta proposta, foi requerida a seguinte aspirante da lista de substitucións ó que se refire o quinto parágrafo, D^a. María Cristina Andrade Tato, D.N.I. 36.103.572-N, aceptando expresamente ésta, mediante escrito de 8 de xuño actual, optar ó referido nomeamento interino por acumulación de tarefas.

Fundamentación xurídica

Consonte ao artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE N° 89, do venres 13 de abril do 2007) os funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dé algunha das circunstancias consignadas

no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). A selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos áxiles, que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza a praza. Dito nomeamento será revocado, ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñe interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.

O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63. Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 2/2008, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionales e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 138 da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009).

Asi mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedimientox axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto nas bases para o nomeamento interino de tres auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 26 de agosto de 2008, publicadas na prensa local do día 29 de agosto seguinte, “os aspirantes que superen tódalas probas de que consta proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino polas circunstancias previstas nos apartados b), c) e d) do artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados/as como persoal laboral para necesidades conxunturais, previa tramitación do correspondente administrativo ao efecto, acreditado no proceso de selección o cumprimento dos principios consignados no artigo 55 da referida Lei 7/2007.

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 30 de decembro de 2008, acordou que as persoas que superaron a totalidade dos exercicios do referido proceso selectivo pero obtiveron menor cualificación pasen a formar parte dunha lista de substitucións ou bolsa de efectivos, aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados como funcionarios/as interinos/as polas

circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, ou ser excepcionalmente contratados/as como persoal laboral para necesidades conxunturais, previa tramitación do correspondente administrativo ao efecto, acreditado no proceso de selección o cumprimento dos principios consignados no artigo 55 da referida Lei 7/2007, dada a inexistencia de aspirantes dispoñibles nas listas de reserva derivadas da execución da última Oferta de Emprego Público do Concello

Consecuentemente, resulta obvio o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas e, interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para o nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres auxiliares administrativos, expte. 18310/220.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como auxiliar administrativo/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Rexistro Xeral contidas nos escritos de datas 15 de xaneiro e 5 de maio de 2009.

Segundo.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral por un período máximo de seis meses, á D^a. MARIA CRISTINA ANDRADE TATO, DNI 36.103.572-N, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público”.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(838).- BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL-TEMPORAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: VIGOEMPREGA. EXPTE. 5895/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 14.05.09, conformado polo xefe do Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

Antecedentes.-

A Orde da Consellería de Traballo, do 30 de decembro do 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 16 de febreiro do 2009, adoptou o seguinte acordo, (do que se adxunta copia):

PROXECTO “VIGO EMPREGA” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA. (Expte. 5691/77).

1º.- Denominación do programa e obxectivos.-

Denominación do programa: “Vigoemprega”, do que adxunto copia e do que cabe destacar o seguinte:

Obxetivo xeral: Favorecer e facilitar a inserción laboral dos beneficiarios demandantes de emprego acollidos ao Programa VIGOEMPREGA, mediante accións programadas e deseñadas que incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, así como a realización de accións de reciclaxe e orientación profesional.

2º.- Descrición do proxecto.-

O proxecto “Vigoemprega”, estrutúrase en 6 actuacións e cada actuación inclúe ditintas accións que combinadas persiguen conseguir a inserción laboral dos desempregados do programa. Trátase de accións planificadas de forma axeitada á realidade laboral do ámbito de actuación e aos colectivos participantes ós que se dirixe o proxecto.

2.1.- Actuacións a desenvolver:

2.1.1.- Orientación e Asesoramento Laboral.

2.1.2.- Acompañamento e Tutorización na Búsqueda de Emprego.

2.1.3.- Formación.

2.1.4.- Intermediación Laboral.

2.1.5.- Prospección do mercado de Traballo.

2.1.6.- Realización de acordos con Empresas.

3º.- Cronograma.- O prazo de execución previsto para a posta en práctica do programa Vigoemprega, é de 12 meses, iniciándose no mes de abril do 2009 e rematando en marzo do 2010.

4º.- Colectivos, participantes, obxetivos de inserción.- O número total de persoas participantes no programa Vigoemprega, é de 200 usuarios.

Os colectivos prioritarios són:

- Mulleres con problemas de integración laboral.
- Persoas inmigrantes.
- Persoas desempregadas en risco de exclusión social.
- Persoas con discapacidade.
- Perceptores y perceptoras de subsidios y prestacións de desemprego, de Renda Activa de Inserción ou da Renda de Integración Social de Galicia.

Resaltar que o colectivo de mulleres, terán no programa especial atención, debido a que éstas representan ó 65,38 % do total do desemprego do ano 2007.

5º.- Ambito Territorial do proxecto: Comarca de Vigo.

En relación o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro e Xefatura de Emprego e condicionadas a inminente resolución de outorgamento da concesión da subvención da Consellería de Traballo, resolución na que se determinará en base o proxecto presentado o número de postos a contratar e o prazo de contratación, se propón a Xunta de Goberno Local, previo informe Xurídico do Servizo de Persoal e informe de Fiscalización da Intervención de Fondos, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Aprobar as bases de selección de persoal para a execución do proxecto: Vigoemprega, que de seguido se transcriben,

1º.- Postos de Traballo, funcións e titulacións.

Persoal técnico do programa coas funcións e titulacións que se detallan de seguido:

Coordinador.- Realizará as funcións de coordinar a nivel xeral todos os aspectos relacionados co desenvolvemento das accións previstas no proxecto. Titulación: Diplomados/as e/ou Licenciados/os, preferentemente en Pedagogía, Psicoloxía, Empresariais, Dereito e con ampla experiencia na área de Recursos Humanos e Inserción laboral.

Orientadoras/es Laborales.- Realizarán as funcións de asesoramento, orientación laboral, acompañamento na búsqueda de emprego, elaboración de itinerarios profesionais, orientación de cara o mercado laboral, etc., Titulación: Diplomados e/ou licenciados, preferentemente en Pedagogía, Psicoloxía, Empresariais, Económicas e Dereito, Psicopedagogía, Socioloxía, Educación Social, Traballo Social, Relacións Laborais, ou áreas relacionadas co emprego, con ampla experiencia na área de Recursos Humanos e Orientación Laboral.

Analista ocupacional.- Experto en Formación Continua e Ocupacional.- Realizará as funcións de análise do mercado laboral e das ocupacións emerxentes no municipio de Vigo, así como análise dos perfís profesionais e deseño de itinerarios profesionais dos usuarios/as que integrarán o programa. Tamén apoiará as funcións das actividades a realizar polos orientadores, así como planificar as accións de formación a realizar.

Titulación: Diplomadas/os e/ou Licenciadas/os, preferentemente en Psicología, Pedagogía, Empresariales, Económicas, Dereito, Relacións Laborais, ou áreas relacionadas co emprego, con experiencia en formación continua e ocupacional, análise de ocupacións, perfís profesionais e mercado laboral, xestión de programas formativos.

Axente de Inserción Laboral. Que se ocupará de facer prioritariamente funcións de xestión de acordos e compromisos de contratación e/ou outras modalidades de emprego coas entidades e empresas. Coordinará as accións de dinamización do Emprego. Titulación: Diplomados e/ou Licenciados, preferentemente en Pedagogía, Psicología, Dereito, Económicas, Empresariales, Relacións Laborais. Con ampla experiencia na área de Recursos Humanos e Inserción Laboral.

Dinamizadores de Emprego.- Ocuparánse de facer as funcións de prospección do mercado laboral, labores de prospección do tecido empresarial, difusión do programa nas empresas, asesoramento e información sobre políticas activas de emprego, recollida de necesidades nas empresas, etc. Titulación: Mínimo FP II, ciclos formativos de grao superior e/ou equivalente. Valoraránse preferentemente as titulacións de Diplomado e/ou Licenciado universitario, preferentemente Pedagogía, Psicología, Empresariales, Económicas, Dereito, Relacións Laborais.

Administrativo.- Realizará as funcións administrativas da xestión do proxecto e de apoio a labor dos técnicos do proxecto. Titulación: FP II, ciclos formativos de grao superior de administración e/ou informática, Bachillerato superior ou equivalente. Valoraránse coñecementos informáticos de Tratamento de textos, folla de calculo e base de datos. Valoraránse tamén experiencia en xestión de recursos humanos e xestión da formación continua.

Técnico-Informático.- Ocuparánse de xestionar a plataforma de emprego e as accións de búsqueda activa de emprego a través das novas tecnoloxías. Titulación mínima: FP-II, ciclo formativo de grao superior, bachillerato ou equivalente.

2º.- Persoal Laboral-Temporal: Natureza e duración dos contratos.-

a) A modalidade da contratación está condicionada a resolución aprobatoria da subvención solicitada, estímase oportuna a de duración determinado a xornada completa, non obstante a modalidade e duración e outras incidencias, ateráse ó disposto nos informes xurídicos do Servizo de Persoal e Interventor de fondos.

b) A duración será como máximo, de 12 meses, iniciándose no ano 2009, condicionada en todo caso ó contido da resolución aprobatoria da subvención e asimesmo ó establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora e crecemento do emprego, que modifica o art. 15 do Estatuto dos Traballadores, en canto as limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal, (máximo 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contrato, para o mesmo posto de traballo).

c) Asimesmo aquelas persoas candidatas que xá desenvolvéran esta actividade no Concello de Vigo dende o ano 2007, poderán non ser seleccionadas en virtude do establecido no dito RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, modificando o art 15 do Estatuto dos Traballadores, en canto ás limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal, (máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo).

d) En todo caso, a formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente os aspirantes seleccionados, estarán suxeitos as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, ó disposto no EBEP, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa os aspirantes.

3º.- *Retribucións.*-As retribucións serán as establecidas para cada categoría, no “Acordo Marco de Regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco de PME , actualizadas para o ano 2009 .

4º.- *Procedemento de selección:* *Publicación de anuncio das bases de selección na prensa local.*

a) *Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as.*

- I) Os/as candidatos/as interesados presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 4.b destas bases.
- II) Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarse orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarse unha certificación de funcións.
- III) Para acreditar a formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.
- IV) Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.
- V) Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación fora do prazo estipulado.
- VI) Ós/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias compulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.
- VII) A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

b) *Valoración dos méritos:*

- I) Para os postos de Coordinador, Orientadores Laborales e Analista Ocupacional:
 - 1. Titulación académica (máximo 2,50 puntos):
 - 1. Licenciatura en Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Psicoloxía social ou áreas relacionadas co emprego 2,50 puntos.
 - 2. Licenciatura en Dereito, Economía e Empresariais, 2,00 puntos.
 - 3. Educación Social, Traballo Social 2,00 puntos.
 - 4. Outras licenciaturas e Diplomaturas 1,00 puntos.
 - 2. Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 pts):
 - 1. Másters, cursos superiores de recursos humanos. (máximo 1 punto)
 - 1. Por cada 200 horas 0,50 puntos.
 - 2. Xestión de formación e/ou formador ocupacional.(máximo 0,5 puntos)
 - 1. Por cada 50 horas 0,30 puntos
 - 3. Formación en igualdade de xénero (máximo 0,5 puntos).
 - 1. Por cada 50 horas 0,20 puntos

4. *Outros cursos relacionados cos recursos humanos, xestión de equipos, integración sociolaboral, emigración ou inmigración. (máximo 1 punto)*
 1. *Por cada 50 horas* 0,30 puntos
3. *Experiencia profesional, nas funcións e tarefas de cada posto de traballo (máximo 5 pts):*
 1. *En programas experimentais (máximo 2 pts)*
 1. *0,80 puntos/semestre.*
 2. *En programas de Orientación e Información Laboral, e Cooperación en Concellos e entidades sen ánimo de lucro (máximo 2 pts)*
 1. *0,60 puntos/semestre.*
 3. *En departamentos de recursos humanos con funcións de selección de persoal, análise de necesidades formativas e de postos de traballo, diseño de plans de carrera e itinerarios profesionais. (máximo 2 puntos)*
 1. *0,60 puntos/semestre.*
4. *Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)*
 1. *Curso de Iniciación ou equivalente:* 0,15 puntos.
 2. *Perfeccionamento ou equivalente* 0,25 puntos.
5. *Outros méritos relacionados coa informática (máximo 0,50 puntos)*
 1. *Por cada curso de entre 20 e 49 horas* 0,05 puntos.
 2. *Por cada curso de entre 50 e 249 horas.* 0,10 puntos.
 3. *Por cada curso de máis de 250 horas* 0,20 puntos.

II) *Valoración de méritos para os postos de Axente de Inserción Laboral e Dinamizador/a de Emprego.*

1. *Titulación académica (máximo 2,50 puntos):*
 1. *Licenciatura en Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Psicoloxía social ou áreas relacionadas co emprego* 2,50 puntos.
 2. *Licenciatura en Dereito, Economía e Empresariais* 2,00 puntos.
 3. *Outras licenciaturas e Diplomaturas* 1,00 puntos.
2. *Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 pts):*
 1. *Másters, cursos superiores de recursos humanos e/ou xestión comercial ou marketing empresarial(máximo 1 punto)*
 1. *Por cada 200 horas* 0,50 puntos.
 2. *Cursos da área comercial, atención ao cliente, planificación empresarial, comunicación ou similar (máximo 0,5 puntos)*
 1. *Por cada 50 horas* 0,50 puntos
 3. *Formación en igualdade de xénero (máximo 0,5 puntos).*
 1. *Por cada 50 horas* 0,20 puntos
 4. *Outros cursos relacionados cos recursos humanos, xestión de equipos, integración sociolaboral, emigración ou inmigración e políticas activas de emprego (máximo 1 punto)*
 1. *Por cada 50 horas* 0,30 puntos
3. *Experiencia profesional, nas funcións e tarefas de cada posto de traballo (máximo 5 pts):*
 1. *En programas experimentais de emprego, de Orientación e Información Laboral, Cooperación en Concellos e entidades sen ánimo de lucro, na realización de actividades de visita a empresas, tarefas de asesoramento e atención ao cliente (máximo 2,5 pts)*
 1. *0,80 puntos/semestre.*

2. *En departamentos de recursos humanos con funcións de selección de persoal, análise de necesidades formativas e de postos de traballo, diseño de plans de carreira e itinerarios profesionais (máximo 2,5 pts).*
 1. 0,60 puntos/semestre.
4. Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)
 1. Curso de Iniciación ou equivalente: 0,15 puntos.
 2. Perfeccionamento ou equivalente 0,25 puntos.
5. Outros méritos relacionados coa informática (máximo 0,50 puntos)
 1. Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,05 puntos.
 2. Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,10 puntos.
 3. Por cada curso de máis de 250 horas 0,20 puntos.

III) Valoración de méritos para os postos de administrativo e Técnico Informático:

1. Titulación superior, diplomatura, FP-II, rama administrativa, Ciclo Superior na área de Administración ou Informática. 1,00 puntos
2. Experiencia profesional: (máximo 5 pts):
 1. En programas experimentais de emprego, de Orientación e Información Laboral, Cooperación en Concellos e entidades sen ánimo de lucro, na realización de tarefas de xestión administrativa ou informática e atención ao cliente (máximo 2,5 puntos)
 1. 0,60 puntos/semestre.
 2. Na realización de tarefas de xestión administrativa ou informática, telemarketing e atención ao cliente en outras administracións ou empresas (máximo 2,5 puntos)
 1. 0,60 puntos/semestre.
 3. Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 1 pts):
 1. Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.
 2. Por cada curso de entre 50 e 249 horas 0,20 puntos.
 3. Por cada curso de máis de 250 horas 0,40 puntos.
 4. Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)
 1. Curso de Iniciación ou equivalente 0,50 puntos.
 2. Perfeccionamento ou equivalente 1,00 puntos.

c) Entrevista persoal (Máximo 5 puntos):

A Comisión de Selección, decidirá cal é a mínima puntuación esixida para acceder a entrevista e para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión, a puntuación da entrevista engadiráse a de concurso de méritos.

5º.-Comisión de Selección:

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual.

Composición:

O Xefe do Servizo de Promoción E., Emprego do Concello de Vigo.

Un Técnico/a funcionario/a, do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos, de habilitación nacional ou da rama xurídica, que actuará como Secretario/a.

Vocales: Tres Tcos/as funcionarios/as ou laborales fixos, do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.

O Organo de Selección contará coa asistencia Técnica- Admtva da Tca. de Organización e X. de Recursos Humanos do Servizo de Emprego.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto a súa composición e funcionamento, deberá respetar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquela outra normativa legal vixente de aplicación.

6º.- Lista de substitucións.- Os/as candidatas/os que non fóran contratados e tendo superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser contratados pra substitucións ou postos de traballo doutros programas do Servizo de Emprego”.

7º.- Presentación de solicitudes:

- a) Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.
- b) Prazo: 3 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ao servizo de Emprego e Participación Cidadá.
- d) Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.
- e) Documentación: Xunto coa instancia achegarásese a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.
- f) En todo caso, a formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente os aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo 2º, dunha duración temporal propia do programa integrado de emprego subvencionado, de duración máxima estimada na resolución aprobatoria da subvención de 12 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa os aspirantes.

g) A partir da data de publicación dos resultados de baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá 3 días para solicitar aclaracións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(839).- BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL-TEMPORAL NO MARCO DA SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO REXERACIÓN URBANA NO BARRIO DE TEIS. EXPTE. 5887/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 19.05.09, conformado polo xefe do Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

Antecedentes.-

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada ó día 2 de marzo do 2009, adoptou o seguinte acordo:

13.- PROXECTO DE “RENOVACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS”. EXPTE. 5729/77. Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 10.20.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto “Renovación Urbana do Barrio de Teis”, (expte. 5739/77), elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar aos Fondos del Mecanismo Financiero EEA/ Mecanismo Financiero Noruego, unha subvención de 4.000.000,00 €, correspondente ao 80% do custe total do proxecto.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2009, 2010 e 2011, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión do proxecto.

5º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante do Mecanismo Financiero EEA/ Mecanismo Financiero Noruego.

En relación o exposto, e en execución orde de servizo do Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego mailo Xefe do Servizo, co obxecto de axilizar a contratación do persoal laboral-temporal preciso e sempre condicionada a resolución aprobatoria da subvención solicitada aos Fondos del Mecanismo Financiero EEA/Mecanismo Financiero Noruego e previo informe xurídico do Servizo de Persoal maila fiscalización da Intervención de Fondos, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

APROBAR AS SEGUINTE BASES ANTICIPADAS DE PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL, PARA O PROXECTO DE REXERACIÓN URBANA NO BARRIO DE TEIS.

I. Postos de traballo:

- 1.- Un/ha (1) Enxeñeiro/a Técnico de Obras Públicas, Enxeñeiro/a Técnico Industrial, de camiños, canais e portos, Arquitecto/a tco., Arquitecto/a, ou equivalente, especializado en obras públicas.
- 2.- Un/ha (1) Tca/o. de Xestión, diplomado/a e/ou licenciado/a en administración de empresas, economista, empresariales ou equivalente especializado en compras e contratación na administración pública.

II. Funcións e perfís requeridos:

1.- Para o posto definido no apartado I. 1.:

- 1.1. Con funcións de planificación, organización, xestión e control do desenvolvemento das obras e outras actuacións do proxecto “Rexeración urbana en Teis”, velando pola aplicación de procesos de calidade na xestión de equipo e materiais e, de xeito especial, no relativo á saúde laboral e a prevención de riscos laborais, así como xestionar o traballo do resto do equipo.
- 1.2. Titulación enxeñeiro técnico e/ou Superior, preferentemente en enxeñería industrial, de camiños, canais e portos, arquitecto, ou equivalente.
- 1.3. Experiencia na xestión de obras públicas e xestión de equipos de traballo (1 ano mínimo).
- 1.4. Coñecemento de informática a nivel usuario.
- 1.5. Coñecemento de idiomas: inglés e galego.

2.- Para o posto definido no apartado I. 2.:

- 2.1. Con funcións de organización, xestión, execución e control da administración do proxecto “Rexeración urbana en Teis”, no relativo aos aspectos de carácter económico-financieras das distintas accións de contratación a desenvolver.
- 2.2. Titulación media e/ou superior, preferentemente en económicas ou empresariais.

2.3. *Experiencia como xestor económico e tramitación administrativa no sector público, en concreto en materia de compras e contratación (1 ano mínimo).*

2.4. *Coñecementos de infomática a nivel usuario.*

2.5. *Coñecemento de idiomas: Inglés e galego.*

III. *Procedemento de selección:*

1.- Concurso de méritos entre as persoas aspirantes convocadas mediante anuncio público na prensa local.

1.1. *As persoas candidatas interesadas presentarán o seu Currículo acreditado segundo o estipulado nestas bases.*

1.2. *Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentárase orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.*

1.3. *Para acreditar a formación recibida presentárase fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.*

1.4. *Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.*

1.5. *Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación fora do prazo estipulado.*

1.6. *Ós/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias comulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.*

1.7. *A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.*

2.- Valoración dos méritos aportados: Esta función a realizará a Comisión de Selección.

2.1. Valoración de méritos para os postos definido no apartado II.1:

2.1.1. Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):

- | | |
|---|--------------|
| a. Titulación superior e complementaria | 1,00 puntos. |
| b. Titulación establecida como preferente | 0,50 puntos. |

2.1.2. Experiencia na xestión de obras públicas e na xestión de equipos de traballo (máximo 4 ptos):

- | | |
|--|------------------|
| a. Na administración local. | 0,10 puntos/mes. |
| b. En outras administracións ou empresas | 0,05 puntos/mes. |

2.1.3. Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):

- | | |
|--|--------------|
| a. Por cada curso de entre 20 e 49 horas | 0,10 puntos. |
| b. Por cada curso de entre 50 e 249 horas. | 0,20 puntos. |
| c. Por cada curso de máis de 250 horas | 0,40 puntos. |

2.1.4. Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

- | | |
|--|--------------|
| a. Curso de Iniciación ou equivalente: | 0,50 puntos. |
| b. Perfeccionamento ou equivalente | 1,00 puntos. |

- | | |
|--------------------------------------|--------------|
| c. Outros cursos de máis de 49 horas | 0,50 puntos. |
|--------------------------------------|--------------|
- 2.1.5. Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas (máximo 1 punto):
- | | |
|--|--------------|
| a. Por cada curso de entre 20 e 49 horas | 0,10 puntos. |
| b. Por cada curso de entre 50 e 249 horas. | 0,20 puntos. |
| c. Por cada curso de máis de 250 horas | 0,40 puntos. |
- 2.2. Valoración de méritos para os postos definidos no apartado II.2.:
- 2.2.1. Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):
- | | |
|---|--------------|
| a. Titulación superior e complementaria | 1,00 puntos. |
| b. Titulación establecida como preferente | 0,50 puntos. |
- 2.2.2. Experiencia como xestor económico e tramitación administrativa no sector público. (máximo 4 pts):
- | | |
|--|------------------|
| a. Na administración local. | 0,10 puntos/mes. |
| b. En outras administracións ou empresas | 0,05 puntos/mes. |
- 2.2.3. Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 pts):
- | | |
|---|--------------|
| a. Por cada curso de entre 20 e 49 horas | 0,10 puntos. |
| b. Por cada curso de entre 50 e 249 horas | 0,20 puntos. |
| c. Por cada curso de máis de 250 horas | 0,40 puntos. |
- 2.2.4. Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)
- | | |
|--|--------------|
| a. Curso de Iniciación ou equivalente: | 0,50 puntos. |
| b. Perfeccionamento ou equivalente | 1,00 puntos. |
| c. Outros cursos de máis de 49 horas | 0,50 puntos. |
- 2.2.5. Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas. (máximo 1 punto)
- | | |
|--|--------------|
| a. Por cada curso de entre 20 e 49 horas | 0,10 puntos. |
| b. Por cada curso de entre 50 e 249 horas. | 0,20 puntos. |
| c. Por cada curso de máis de 250 horas | 0,40 puntos. |

3.- Entrevista persoal (Máximo 5 puntos): A Comisión de Selección, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos méritos.

IV. Comisións de selección:

O Órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual.

Composición:

- *O Xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, Participación Cidadá e Distritos, do Concello de Vigo.

**Un funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará coma Secretario/a, preferentemente con habilitación de carácter estatal ou no seu defecto por un funcionario pertencente a escala técnica de administración xeral, encadrado na rama xurídica, en aplicación do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en relación co artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común modificada pola Lei 4/1999.*

**Tres Funcionarios/as do Concello de Vigo ou dos seus Organismo Autónomos e con titulación igual ou superior a dos postos ofertados.*

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto do Empregado Público.

O Órgano de selección deberá respetar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto a súa composición e funcionamento así coma calquela outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatas/os enviados/as, emitirase acta co listado definitivo do persoal seleccionado, así coma dos suplentes para cada posto, por orde de puntuación.

O Órgano de Selección contará coa asistencia técnica-administrativa da Tca. de Organización e X. de Recursos Humanos, adscrita o Servizo de Emprego.

V.- Modalidade e duración da contratación.

V.1.- A modalidade de contratación, podería aplicarse a de duración determinada, e en relación coa duración dos contratos, ésta depende da resolución aprobatoria da subvención solicitada, e terán unha duración inicial dun ano, prorrogabel por outro, dacordo co proxecto presentado para acadar a dita subvención, e en todo caso terase en conta sempre ó máximo de 24 meses nun periodo de 30, disposto no artigo 15.5. do Real Decreto-Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), en canto a prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais, en calquer caso teranse en conta os informes xurídicos emitidos pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos.

V.2.- En todo caso, a formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente os aspirantes seleccionados, estarán suxeitos as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, ó disposto no EBEP, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa os aspirantes.

Establécese un período de proba de tres (3) meses.

VI.- *Lista de substitucións.- Os candidatos que non fóran contratados e tendo superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordeada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser contratados coma persoal laboral-temporal, para substitucións ou para postos de traballo doutros programas do Servizo de Emprego.*

VII.- *Presentación de solicitudes e prazo:*

- 1.1.- *Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.*
- 1.2.- *Prazo: 3 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.*
- 1.3.- *Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*
- 1.4.- *Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.*
- 1.5.- *Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.*
- 1.6.- *En todo caso, a formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente os aspirantes seleccionados, estarán suxeitos as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, así coma o que dispoña a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, circunstancia da cal se informa os aspirantes.*
- 1.7. *A partir da data de publicación dos resultados de baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá 3 días para solicitar aclaracións.*

27(840).- ROGOS E PREGUNTAS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezaioito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.